

**Artigo vixésimo de Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das Comunidades Autónomas (modificado pola Lei Orgánica 3/2009, do 18 de decembro)**

**Artigo vixésimo.**

Artigo vixésimo.

Un. O coñecemento das reclamacións interpostas contra os actos ditados polas comunidades autónomas e polas cidades con estatuto de autonomía en relación cos seus tributos propios corresponderalles aos seus propios órganos económico-administrativos.

Dous. Cando así se estableza na correspondente lei do Estado, e en relación cos tributos estatais, a competencia para o exercicio da función revisora en vía administrativa dos actos ditados polas comunidades autónomas e polas cidades con estatuto de autonomía poderalles corresponder a estas, sen prexuízo da colaboración que se poida establecer coa Administración tributaria do Estado.

Tres. A dita competencia poderase efectuar nos termos establecidos pola lei na cal se fixen o alcance e as condicións da cesión de tributos por parte do Estado.

Sen prexuízo do exercicio desta competencia, entre o Estado e as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía poderanse establecer fórmulas de colaboración específica de cara ao exercicio da citada función revisora, cando a natureza do tributo así o aconselle, para o cal se acordarán os mecanismos de cooperación que sexan precisos para o seu adecuado exercicio.

Catro. O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo das competencias atribuídas en exclusiva ao Estado no artigo 149.1. 1.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución española en relación co establecemento dos principios e normas xurídicas xerais, substantivas e de procedemento, do sistema tributario español, contidas nas disposicións tributarias de Estado e, especificamente, na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento, aplicables a e por todas as administracións tributarias.

Cinco. A función unificadora de criterio nos tributos estatais correspóndelle á Administración tributaria do Estado, que a exercerá conforme o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria

*Modificado polo artigo único.nove da Lei Orgánica 3/2009, do 18 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das Comunidades Autónomas (entrada en vigor 1/01/2009)*